

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

11311 *Real decreto 1271/2012, do 31 de agosto, polo que se modifica o Real decreto 1398/1995, do 4 de agosto, polo que se regula o sorteo para a formación das listas de candidatos a xurados.*

A Lei orgánica 5/1995, do 22 de maio, do tribunal do xurado, regula na sección terceira do capítulo II a designación dos xurados, e o parágrafo segundo do número 2 do artigo 13 establece que o sorteo, que se realizará en sesión pública previamente anunciada nun local habilitado para o efecto pola correspondente audiencia provincial, se desenvolverá na forma que regulamentariamente se determine.

O número 2 do artigo 1 do Real decreto 1398/1995, do 4 de agosto, polo que se regula o sorteo para a formación das listas de candidatos a xurados, establece que as delegacións provinciais da Oficina do Censo Electoral ordenarán a publicación no boletín oficial da provincia e en dous xornais de máxima difusión provincial, cunha antelación mínima de sete días á data sinalada, do anuncio en que se faga constar o día e a hora da realización do sorteo, en sesión pública, no local habilitado para o efecto pola audiencia provincial.

O uso xeneralizado da internet pola cidadanía como medio para obter información aconsella substituír a publicación do anuncio do sorteo nos dous xornais de maior difusión provincial pola publicación nas páxinas web da Oficina do Censo Electoral desa mesma información, sen perder eficacia e de maneira compatible coa redución do gasto público.

Sobre este real decreto emitiron informe favorable o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Xunta Electoral Central.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Economía e Competitividade e de Xustiza, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de agosto de 2012,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1398/1995, do 4 de agosto, polo que se regula o sorteo para a formación das listas de candidatos a xurados.*

O número 2 do artigo 1 do Real decreto 1398/1995, do 4 de agosto, polo que se regula o sorteo para a formación das listas de candidatos a xurados, queda redactado do seguinte modo:

«2. As delegacións provinciais da Oficina do Censo Electoral ordenarán a publicación no boletín oficial da provincia do anuncio en que se faga constar o día e a hora da realización do sorteo, en sesión pública, no local habilitado para o efecto pola audiencia provincial, cunha antelación mínima de sete días á data sinalada. Idéntica información se difundirá nas páxinas web oficiais da Oficina do Censo Electoral, accesibles no enderezo www.ine.es, a partir da mesma data da publicación no boletín oficial da provincia e ata a data de realización do sorteo.

Esta información será publicada dunha maneira clara, estruturada e entendible para os interesados, en formatos adecuados e seguindo as regras marcadas polo principio de deseño para todas as persoas.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 31 de agosto de 2012.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN